

Investidura: entre o imposible, **o posible e o máis** **do mesmo**



A foto que fala

BNG: tempo de remar
[Imaxe da XV Asambleira]



O trasno “Moitas veces mudar non é mellorar”

Daniel López Muñoz



Van aló cinco anos des que o *New York Times* publicaba un artigo no que contaba que en Ohio un tal Eddie Miller, rapaz de 23 anos, gañaba a vida cunhas ovellas de seu, alugándoas aos propietarios das zonas urbanas con céspede. Un dólar, un día, unha ovella. Era un xogo deses de “todos gañan”: o pastor, os residentes e o medio ambiente. No artigo, falando das súas ovellas, un Miller orgulloso e agudo dicía: *elas ruralizan a cidade*. Aquel artigo falaba tamén de Jason Stroud, de Brooklyn, que ensinaba aos veciños a criar galiñas

nos patios traseiros dos edificios.

En 2013 era a cidade de París, a que se apuntaba ás ovellas con pastor para manter os parques urbanos. E en 2015, Donosti.

Coa palurdez habitual descubre a nosa “prensa regional” o xenial invento da Deputación de Pontevedra de importar de Noian –Navarra-

a idea dos *compogaliñeiros*: gardas nun caldeiro as lavaduras ou esclavas –segundo a zona de Galicia-, agora chamados “residuos orgánicos”-, lévanse ao galiñeiro e volves para casa con media ducia de ovos. De novo, ruralizando a cidade, todos gañan: o concello, que xestiona o lixo orgánico e composta, os veciños, o medio ambiente e os xardíns ben estercados.

E realidade o rural galego é unha mina en canto a ideas inspiradoras destas de “todos gañan.” Ademais do céspede e do lixo, están as hortas familiares –que reciclan todo, melloran

o chan, producen saúde e calidade-; a xestión do toxo e xesta, no monte veciñal –co que se estran e hixienizan cortes e cortellos, xeran fertilizante da mellor calidade, limpan e evitan incendios, melloran a paisaxe e a bonitura. E así moitos máis exemplos.

Pero aínda me acordo ben cando empezaron as restricións urbanas aos tendedeiros para enxugar a roupa ao sol –ecoloxicamente- ou aquel delirio palurdo do vazquismo de perseguir os restos rurais que no territorio municipal quedaban en forma de poleiros e gando menor nas poucas casas dignas de tal nome.

O acoso e derribo do noso rural polo fetichismo modernista ten moitas caras e un alto prezo. Benia as ideas que tratan agora de recuperar as súas solucións virtuosas! Pero máis nos valería unha estratexia de país para conservar o moito desa marabilla que aínda nos queda: iso si, cercado, desatendido, desmoralizado e, mesmo, culpabilizado.

Urbanizar o rural é a mirada simple. Ruralizar a urbe é a estratexia innovadora. O futuro, como sempre, está no equilibrio nese dobre movemento.

Editorial Investidura enguedellada: Dúbidas e perplexidades

Cando todos son minoría con respecto ao conxunto –teimuda minoría que disque se repetiría nunhas novas eleccións-, non é acaso o momento de arrombar os obxectivos “máximos”, estratéxicos, e acordar mínimos comúns, con sentidiño táctico?

Mesmo por “tacticismo”: que é o que premiaría o electorado? O esforzo e a habilidade para negociar e chegar a acordos que fagan posible un cambio imperfecto ou, pola contra, o empeño en espetar valados de arame e liñas vermellas en nome dun cambio “perfecto” e imposible?

E nesa mesma liña de “premio” electoral: ten premio nesa tómbola a sobreactuación que bambea entre a arroutada de malote da clase e a pallasada, especialmente se a pallasada non é alá moi graciosa (que para todo hai que ter don e un non ten don para todo)?

Paga a pena, desde a “axenda galega”, bombardear pontes e arruinar a posibilidade dun cambio en Galicia?

Non estaba claro, digamos, que a situación da política que se abordaba coas pasadas eleccións xerais, “a axenda estatal”, era unha situación de emerxencia por indecencia e por desigualdade? Que había que remudar os hóspedes das institucións estatais, ventilar o cheiro, limpar de iates, vodas, bolsos e “jaguars” a política e saír da crise con máis igualdade? Sobre esa base, non é posible acordar algo? No caso contrario, non acabará o conto con alguén tirándose dos seus mediáticos pelos?

A definición de “nova política”, (ula?) non incluíría a capacidade de acadar acordos, menos protagonismo persoal, máis programa, menos pose, máis traballo calado, menos apariencia e máis compromiso?

E, logo de que se renunciase –por esa situación de emerxencia- a ter grupo e voz galega, diferenciada e clara, ...é de verdade o momento, de colocar na axenda estatal, nos tres minutos de gloria que nos conceden, a cuestión dun referendo sobre a independencia de Galicia? Seguro que tocaba iso? Non haberá monte abondo que labrar antes?

E por último, paga a pena, desde a “axenda galega” que nesa batalla no teatro madrileño se bombardeen pontes, se agudicen as diferenzas e se arruíne a posibilidade dun cambio en Galicia, que é onde xestionamos os temas que máis inciden no benestar, na dignidade e na identidade nacional de Galicia?

Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hai anos lin unha historia que paso contarvos. Unha nena facía as tarefas escolares na casa. Foi xunto do seu irmán maior e díxolle:

- Estou facendo as tarefas. Teño que facer unha descrición de mamá para o cole. De que cor ten os ollos?
- Pois non sei, coido que son escuros, pero non sei.

Foi xunto do seu pai e repetiulle a pregunta. O seu pai con cara de asombro recoñeceu que tampouco estaba seguro. Marróns? Preguntábase.

Todos agardaron pola mamá que chegara do traballo. Ao abrir a porta atopou tres caras que a miraban con asombro e o fillo berrou:



- Castaños, son castaños! E a nena re-matou dicindo, e teñen unhas pin-guiñas amarelas.

Andamos pola vida sen reparar no que temos camiñando ao carón. Non somos quen de ver a beleza dos demais. Pero estamos cheos de beleza e fermosura. Comezando polos ollos. Hai algo máis fermoso e máis completo que os ollos? Hai algo que sirva


tanto para expresar sentimentos. Por algo o Evanxeo está cheo de momentos nos cales Xesús mira ás persoas coas que se atopa.

Gocemos cos ollos propios e alleos. Gocemos coas miradas. Deamos grazas a Deus por eles e non esque-zamos que o esencial é invisible aos ollos. Pero, sen dúbida, é invisible aos ollos que só ven e que non miran.

1



3



2



4



A peneira

1

A Coruña celebra o día 16, no Monumento do Curros, o Centenario do levantamento de Pascua en **IRLANDA** coa proclamación da República. Mentres, lemos a obra de Xurxo Souto *Contos do Mar de Irlanda*, e escoitamos *Dos gaiteiros do mar*, cancións do Gran Sol e Terranova interpretadas polos nosos pescadores.

2

No Día da **AUGA** denunciámos que 300 millóns de africanos non a teñen potable (750 millóns no mundo). O 90% viven no rural. Mil nenos morren ao día pola auga contaminada. Asia ten o 60% da poboación e 36% dos recursos hídricos, mentres EUA ten o 8% e gozan do 15% da auga. China conta con 1/5 e só cun 1/10 de auga, cos tres ríos do sur moi contaminados.

3

O 19, ás 20:30, é o apagón simbólico da **HORA DO PLANETA**. Quérese sensibilizar o mundo contra o cambio climático con accións como a produción de biogás dende os refugallos agrogandeiros para crear enerxía alternativa a 70.000 fogares. Na foto, "Carballo Biometanización" que xera enerxía cos refugallos de peixe e marisco da conserveira Calvo e de industrias lácteas e matadeiros.

4

Deixounos Fernando **CARDENAL**, pero a súa dignidade e a súa obra son inmorrentes. Visitou Galicia hai uns dez anos, ocasión na que foi entrevistado pola revista Irimia. Xesuíta, posto en cuestión polo Vaticano, e Ex ministro de educación na primeira fase da revolución sandinista, foi o impulsor do enorme proceso de alfabetización, que mobilizou 60.000 estudantes para ir ensinar voluntariamente á selva e ás zonas pobres do país. .

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O Gaiás é o **CALVARIO** do Viacrucis do creador Benito Paz Trelles, de Moaña, na foto. Especializado en linguas bíblicas por Roma, actualizou as dores e o proceso de Xesús no sufrimento do noso pobo co Prestige, morte de inocentes, a emigración, a pobreza, etc.

6

Xa podemos gozar de catro novas salas do Museo de **ARTE SACRA** de Monforte, o primeiro de Galiza e o segundo de España, nun edificio de 1622. Na ilustración, os grafitis da Igrexa da Milagrosa de Lugo, deseñados por Concepto Circo, outra mostra da nosa pintura de temática relixiosa.

7

Están a saír ao mercado catro millóns de litros dos viños Ribeira Sacra, a maioría mencia, despois da segunda colleita máis abundosa no 2015. Mentres, remata o proceso de fermentación dun 60% máis de **MAZA** ecolóxica ca a colleita pasada. Maeloc de Chantada colleu uns 2,5 millóns de quilos.

8

A contaminación, os encoros, os refugallo... rematan coa **TROITA** nativa, aliviada grazas ás limitacións das importacións de Turquía. Está a producir 4.500 toneladas en 21 empresas e 28 plantas de produción, pero segue sufrindo as consecuencias da repoboación procedente de América que favorece as piscifactorías polo seu medre máis rápido.

Política Queremos volver votar...?

Pedro Pedrouzo Devesa



...ou preferimos que os nosos representantes negocien ata chegar a un acordo de goberno?

Aceptamos que todas as alternativas políticas son lexítimas e polo tanto aceptaremos calquera goberno que os nosos representantes sexan capaces de negociar... ou so lexitimamos o goberno que sintonice coa nosa ideoloxía?

Posiblemente aínda necesitemos outros vinte anos para deixar de ser *ultras* da política e sentir tanto amor polas nosas cores coma odio polas contrarias.

Detrás de cada partido hai unha ideoloxía, unha forma diferente de ver a cousa pública e a vida social, pero non necesariamente exclúntes. Uns intereses diferentes, particulares, pero lexítimos. Ou preferimos pensar o contrario? Que o outro é o salvaxe?

A formación da nosa democracia caracterízase por moitos aspectos positivos, pero ten dous aspectos desesperantes. O primeiro é o enrocamento simbólico de moitos dos nosos dirixentes, que teñen unha gran capacidade para conxurarnos os medos amentando cadansúa (nosa) bicha. O segundo é a nosa insatisfacción crónica, a nosa capacidade innata para o desgusto social que, carente de visión histórica, entende que as demandas cidadás se seguen vehiculando a través das continuas manifestacións, esquecendo que a característica básica dunha democracia é a existencia de canles de seu para articular as demandas existentes.

“Unha sociedade con institucións ben ordenadas e diferenciadas(logra) que as demandas se atendan de unha en unha. Esa sociedade asumiría a especialización institucional e non daría lugar a que as demandas insatisfeitas se simplificasen nunha demanda xeral”

As palabras son de José Luis Villacañas no seu recente libro *Populismo*, un mal que asola a todos os nosos partidos, porque tamén nos asola a nós. Galicia e tamén España están atravesadas pola política. Os políticos conseguiron facernos crer que os problemas e as solucións

dependen deles e que é só a través deles como se arranxan as cousas. Queren ser queridos...ou temidos.

Nunha democracia consolidada as cousas non suceden exactamente así. As nosas demandas son articuladas a través da Administración pública, verdadeira conexión democrática entre os cidadáns. É a través dela desde onde se deben artellar as solucións aos problemas públicos, tanto sexa para arranxar unha fochanca que nos maltrata os amortecedores do coche, como para coñecer a lista de espera para operarme e demandar mellores prazos de resposta, ou para demandar unha praza nunha escola infantil ou nun instituto respectando e facendo transparentes os baremos para poñerlle algo máis difícil aos listos.

no canto de pintar liñas
vermellas nos hemiciclos deben
dedicarse a enfrontar directrices
de goberno concretas

Estes, claro, non son grandes temas, porque son exemplos básicos, pero a formulación é igualmente válida cando falamos de adjudicacións de vivendas protexidas, contratacións ou subvencións públicas, caducidades de sancións ou impostos non cobrados. Porque unha sociedade democrática se constrúe mediante a transparencia, sabendo como actúa un goberno e sobre todo que dereitos concretos temos e como demandar o seu cumprimento. Todo isto vén para concretar que debemos pedir aos políticos. No canto de pintar liñas vermellas nos hemiciclos deben dedicarse a enfrontar directrices de goberno concretas. Así poderemos diferenciar se cando se levantan dunha mesa de negociación é con motivo ou por posturo, tendo sempre claro que están obrigados todos a sentar a negociar sabendo que o punto de partida debe ser, sen dúbida, acabar coa corrupción.



O peto común

Teresa Souto

Xa no mes de marzo, celebramos dúas citas importantes: o 8 de marzo, Día da Muller, e o 21, Día Internacional para a Eliminación da Discriminación Racial. Nas nosas mans está traballar cara á igualdade real de oportunidades entre homes e mulleres, no día a día, na vida diaria, nos fogares, nos postos de traballo, desde a política, desde a escola, desde todos os ámbitos nos que, como persoas, vivimos inmersas. E nas nosas mans tamén está loitar contra a discriminación e a xenofobia, en ocasións máis visible, e noutras máis sutil, que a través de mitos e discursos se estende na sociedade. Mitos coma o de que as persoas inmigrantes nos quitan o traballo, cando a taxa de paro entre a poboación inmigrante é do 33%, mentres que a media española é do 24%; ou o de que as subvencións son para as persoas inmigrantes, cando, segundo informes, das perceptoras da renda de inclusión social de Galicia, o 14,28% son persoas inmigrantes non comunitarias, o 2,69% comunitarios, e o resto persoas de nacionalidade española. Outro dos prexuízos que se escoitan é que non se acostuman aos nosos costumes, cando ninguén ten por que renunciar á súa cultura. A riqueza cultural, a diversidade é algo positivo, é lugar de aprendizaxes e de respecto mutuo na multiculturalidade. O que non debemos crer é que se pode esixir un proceso de asimilación, no que as persoas doutros países de orixe deben adaptarse aos nosos costumes, valores, tradicións; cada persoa debe poder sentir e vivir a súa cultura viva onde viva. Así como os galegos e galegas que viven e traballan polo mundo adiante manteñen viva a súa cultura galega, as tradicións, ideas, a morriña e as arelas.

Nas nosas mans
está traballar cara á
igualdade real



O CARRABOXO por ROBE LOIS



Entrevista

Redacción

Cando o goberno central (e en funcións) decidiu anovar, por 60 anos máis, a licenza de ENCE para que poida seguir desenvolvendo as súas actividades na ría de Pontevedra, puxémonos en contacto con Antón Masa, presidente da Asociación para a Defensa da Ría (APDR), coa intención de recabar a opinión de quen ve o problema desde a outra beira.



Na prórroga, até 2073, de ENCE na ría de Pontevedra, feita desta maneira, por un goberno en funcións acosado pola corrupción, non hai algo ben estraño? Mesmo quizais indicios de prevaricación?

Si, que un goberno en funcións, cun presidente desaparecido e derrotado, tome unha decisión de tanta transcendencia para o futuro da comarca de Pontevedra, semella *sorprendente*; non se poden argumentar razóns de interese xeral nin de urxencia. Trátase de deixar “atado e ben atado” un negocio no que o Partido Popular ten interese particular e do que

Trátase de atar un negocio no que o PP ten intereses particulares

tiran importantes beneficios algúns dos seus destacados militantes, membros do Consello de Administración de ENCE: é o caso da ex-ministra de Medio Ambiente, Isabel Tocino ou do ex-Conselleiro de Medio Ambiente, Carlos del Álamo. Tampouco debe ser alleo que o Director da fábrica de Lourizán, Antonio Casal, estea casa-

do coa actual Subdirectora Xeral de Coordinación Ambiental da Xunta de Galicia. Algo cheira peor que os derivados de xofre en Lourizán!

Posíbeis indicios de prevaricación? Ao noso entender, esta decisión estase a tomar a sabendas de que é inxusta e mesmo en contra do Regulamento da Lei de Costas, que indica que unha concesión non se pode prorrogar en tanto estea aberto un expediente de caducidade, situación na que se atopa a concesión de ENCE xa que nin as alegacións presentadas pola APDR nin o recurso de reposición interposto pola nosa asociación diante da Ministra García Tejerina foron respondidos. Contrariamente ao que se vén dicindo desde a Dirección Xeral de Costas do Estado, existen causas de caducidade da concesión: de acordo co título concesional do ano 1958, é causa de caducidade que os vertidos da empresa superen as 20 ppm de *demanda bioquímica de osíxeno*, situación que foi incumprida sistematicamente desde a chegada á nosa Ría ata polo menos o ano 2010 e que segue a selo de forma puntual na actualidade.

O presidente Feijoo, no Parlamento, defendeu a cousa contraponendo os postos de traballo e as familias ao incumprimento da normativa medioambiental, suxerindo

novos proxectos industriais que virían coa continuidade da instalación... Semellan argumentos invencibles!

Son argumentos pouco sólidos. ENCE incumpre boa parte da lexislación ambiental en materia de vertidos á Ría, nomeadamente a directiva 91/271/CEE de Augas Residuais Urbanas. E aínda que a *Autorización Ambiental Integrada* permite a ENCE verter por riba das taxas fixadas pola lexislación para demanda química e biolóxica de osíxeno, sólidos en suspensión, fósforo e nitróxeno, non se pode esquecer que as leis están por riba das decisións administrativas.

En canto á *chantaxe* esa dos postos de traballo, queren equiparar o papel que xoga ENCE en Pontevedra co da CITROEN en Vigo, situacións para nada comparábeis. ENCE non é motor económico, é o freo ao desenvolvemento da economía da comarca e á creación de emprego. Reduce postos de traballo na fábrica e fóra indirectamente ao destruír os recursos: na Ría vivían unhas 10.000 familias antes da chegada de ENCE, hoxe só están a mariscar 400 persoas. Os cheiros, a contaminación, e a mala sonda da comarca neste sentido impiden a chegada de proxectos limpos que poidan crear emprego de calidade. ENCE e creación de emprego son conceptos antagónicos. E mente o PP, esta prórroga non está condicionada a ningún investimento, nin á creación de emprego nin á toma de medidas medioambientais. No propio acordo dise que “de non cumprirse os investimentos de 61 millóns de euros” o goberno reduciría a nova concesión en 10 anos. É dicir, estánselle regalando 50 anos de prórroga a cambio de nada!

Cal sería a alternativa? Traslado? Onde?

Particularmente creo que é a empresa quen ten que decidir o seu futuro... E tivo tempo para facelo! Cando os



seus actuais propietarios mercaron ENCE (por certo a prezo de saldo!) sabían que no 2018 deberían abandonar a Ría; e tiñan que ter feito, como fan todas as empresas nesas situacións, unha provisión de cartos para acometer a solución máis conveniente nese momento. O que non é de recibo é que a empresa utilice a *chantaxe* dicindo que un traslado é inviable economicamente cando non fixo os seus deberes. O que é imposible é trasladar a Ría de Pontevedra, que ten que recuperar a súa vocación na-

ENCE e creación de emprego son conceptos antagónicos.

tural, que non é outra que a explotación racional dos recursos marisqueiros, pesqueiros, turísticos e forestais.

E como podemos imaxinar unha ría sen ENCE? Como contraargumentar con outro relato e outras cifras?

Unha Ría sen ENCE é posible e calquera das persoas que vivimos ao seu carón somos quen de imaxinala.

vUn modelo económico alternativo, baseado no saneamento e recupera-

ción da Ría e na creación de postos de traballo no marisqueo, na pesca e nun turismo de calidade, é posible. Recuperar os bancos marisqueiros hoxe estragados pola contaminación e os recheos, sanear a Ría e realizar unha explotación marisqueira máis racional, aumentando a produción, recuperando a diversidade perdida; é posible, en definitiva, crear novos postos de traballo e en condicións máis dignas e cunha rendibilidade económica moi superior á hoxe existente. O mesmo para o monte, hoxe limitado á explotación do eucalipto. A diversificación nesta explotación, a recuperación doutras especies de valor forestal pero tamén a doutros usos como o dos froitos, dos cogomelos, que teñen maior valor engadido, debe ser peza fundamental dun modelo alternativo que xere maior riqueza, postos de traballo e calidade de vida.

Evidentemente, resulta difícil cuantificar. Pero un pequeno estudo realizado hai uns anos para a nosa asociación por biólogos, economistas e xente dos sectores implicados, avanzaba que nun prazo duns 10 ou 12 anos sería posible crear máis de 10.000 postos de traballo directos na explotación dos recursos marisqueiros, no turismo e no monte.

Pingas de orballo

Baldomero Iglesias Dobarrio (Mero)

Don Darío, cura que foi de Duarría e Castro



Imaxe de Don Darío

Este era un crego moi célebre, célebre e querido nas terras de toda a Comarca da Terra Chá, sobre todo en Castro de Ribeiras de Lea e Duarría, en Castro de Rei e arredores. Home humilde que axudaba sempre os máis pobres e mesmo compartía con eles as súas penalidades. Morreu hai xa uns anos. Era alto e aínda tiña todo o pelo na cabeza, coma un pucho feito de folerpas brancas. Falaba as verbas pensando en clave de tenrura cada sílaba, ás veces pensaba en alto e mesmo tiña o don do aloumiño oral cando se dirixía aos nenos no Catecismo ou na misa.

Chamábanlle don Darío e tanta era a dozura que poñía nas palabras que, aos maiores, facíanos rir porque resultaba unha declamación perseverante e infantil, delicadamente rara, case cómica naquel seu falar sedutor para os máis pequenos. Permitídemme que vos conte algunha anécdota del.

Lembro, na misa de Castro, un día de festa, cando, explicándolles aos nenos, quixo falarlles da sabedoría de Deus. “Vós -dicía referíndose aos

que estaban nos primeiros bancos- non sabes que Deus o sabe todo. Pero todo, todo. Se fora en bicicleta de paseo convosco, andaría moi lixeiro e prudente e sería quen de amañar calquera avaría, sería capaz de poñerlle un parche a unha picada en cousa de segundos. Non tería máis que parar, darlle a volta á bici coas rodas para

nin porque picar. Pero debes saber que El é home e é Deus, e quere compartilo todo e estar coa xente, ir cos nenos na bici a pasear e ver as grandes cousas que seu Pai creou! Nesas, un neno, sen agardar nin privarse da impaciencia, preguntou: “..E El podería ir en coche? Don Darío, con moita calma e talmente vivindo o soño

Falaba en clave de tenrura e mesmo tiña o don do aloumiño oral

arriba e nun plis-plas, sacaría a cámara e iría directamente ao lugar da picadura, co dedo parcharía sen parches nin disolución, e volta a poñerlle a cámara sen desmontables. Abriría as “palomitas” e, ala! Equilibrar, apertar e de novo pedal! Os nenos quedaban pasmados,... con cara de moitas preguntas. Pero non se atrevían. Aquela vez el abondou en explicacións: “... Si, claro que si, El non necesita disolución nin raspar coa lixa, pódeo todo e mesmo non tería porque pedalear

díxolle: Siiiiiiii, El podería ir en coche, ou tamén sen coche. El está en todas partes! Se se despraza é por ir connosco e acompañarnos polo tempo e polos lugares! O rapaz abriu os ollos e, sen poder reprimirse, dixo: Pero se el está en todas partes, nin vai nin vén, porque xa está onde nós imos! Claro, Carliños-dixo Don Darío- pero El quere comportarse coma un máis de nós, e vir connosco nas nosas andaiñas, como é tan bó, na súa compañía non corremos perigo ningún, porque

nos leva da súa man e prívanos do mal. El é moi bo, é coma “ouro mullido”. Pois daquelas, Don Darío, comigo vén pouco –dixo o neno- que o outro día pola Costa do Castro a bici embalouseme e cando acordei non agarraron as rodas na grava e alá fun ao medio da toxeira. Sequera puido arredarme dos toxos! A xente a rir, don Darío sen palabras para falar co Carliños, o fillo da carniceira, que xa fixera a primeira comunión. Trataría o tema fóra da misa, sobre todo lonxe de tanta xente e da misa da festa do Santo Patrón! Que xa levaba de prédica un bo pedazo e había que darlle traza á tarde! Querían ensaiar as orquestras e a banda agardaba para facer a procesión ao redor da igrexa e do cruceiro, os fogueteiros xa estaban preparados!

Chamábanlle don Darío e era todo bondade, tanta era a tenrura que poñía nas súas palabras que, aos maiores, facíanos rir. Pobres de nós. A tenrura só se pode explicar en galego e así facía. Tiña aquel acento meloso e veraz da fala nosa. Cando tentaba



Igrexa de Duarría

falar castelán, cambiaba o rostro e o acento moi brevemente e, sen se dar conta, pero rapidamente, volvía ás nosas modulacións. Aínda hoxe acordamos del. Falaba pensando as verbas en cada sílaba, ás veces pensaba en alto e dicía historias da bondade sagradas, de esperanza, do recto

proceder en situacións de dúbida ou de pranto... Mesmo tiña ese don do aloumiño oral cos diminutivos, construía ceos de soños e soños de ceos, nos que non existía ningún inferno. Era alto e aínda tiña todo o pelo na cabeza, coma un pucho feito de folerpas brancas. Un santo!

IMPRESO PARA FACERSE SOCIO DE IRIMIA OU SUBSCRIBIRSE Á REVISTA

Se queres facerte socio, subscribirte á revista IRIMIA (ou coñeces a alguén que lle poida interesar recibir de balde os tres próximos números da revista) recorta este impreso e envíao ó Apartado 296 - 15704-Santiago de Compostela, ou escríbenos a irimia@wanadoo.es ou subscricions@asociacion-irimia.org

NOME: APELIDOS:
 ENDEREZO:
 CÓD. POSTAL: CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA:
 TELÉFONO CORREO ELECTRÓNICO

QUERO SER SOCIA/-O: 3 €
QUERO SUBSCRIBIRME: Ordinaria: 30 €
 De apoio: 45 € Subscrición anual (22 números)
60 €

QUERO SER 60x100:

DOMICILIACIÓN
 BANCO OU CAIXA E AFORROS:
 DOMICILIO DO BANCO: CÓD. POSTAL:
 CONCELLO OU CIDADE: PROVINCIA: TITULAR DA CONTA:
 Nº de CONTA: _ _ _ / _ _ _ / _ _ _ / _ _ _

Sírvase atender ata novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ó meu nome lles sexan presentados ó seu cobro por IRIMIA.

En a de de 201__.

Atentamente.

Se queres podes ingresar directamente en calquera das nosas contas indicando claramente o teu nome no impreso de ingreso e enviándonos unha copia xunto cos teus datos.
 Conta: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822

Crónica Desde os campos de refuxiados de Lesbos (III)

Alfonso Mascuñana

4 de febreiro

Máis da metade da xente vén en “familias”. Nunca as dividimos e imos completando os sitios por familias enteiras. Unha familia tiña que abandonar o barracón antes das dez e non daban saído. Só quedaban eles. Aso-meime á porta e vin un home, deitado no chan, entre as mantas aínda. Eran oito nenos, unha nena, tres mozas, dous homes, unha “avoa” e... un home novo, eivado; tiña as pernas ríxidas e levábano en cadeira de rodas. Viñan de Afganistán.

Adivíñanse diferenzas económicas entre familias. Estes semellaban pobres. Tiñan moita roupa a secar. Os nenos e a nena, coma todos nos campos: xogando ou querendo xogar. Tiñan bastante catarro e mocos. Despois foi poderosa a imaxe de ver saír aos dezaseis da familia, empurrando a cadeira, termando dela nunha costa pina que hai na saída, e perdéndose entre a xente. Así cruzaron na lancha. Así collerán o ferry. Así... Dous dos nenos choraron pois querían levar os triciclos. Démoslle caderniños con figuras para debuxar, pero non lles convenceu moito o troco.

En familia viaxan, creo eu, máis das tres cuartas partes da xente. Logo están algúns mozos que van sós ou con compañeiros. E tamén algúns homes de mediana idade. E algunhas mulleres novas que vexo con amigas ou irmás.

Sábado, contra ás once da noite. Chega unha familia siria: pai e nai como de sesenta, tres fillas ben vestidas e unha avoa, tamén en cadeira de rodas. Aspecto acomodado. De feito non sei como chegaron ao campo. Mentres as mulleres se acomodaban no barracón, o pai púxose a fumar cabo miña e ofreceume un cigarro. *Xa non fumo, antes fumaba, pero deixei polo saúde*, díxenlle. Riu un anaco: *O que nos está matando a nós son as bombas*, díxome el.



6 De febreiro

Hoxe é sábado. Estarán a celebrar a Festa do Lume en Bergondo: un luxo de encontro que teño presente.

Como cheguei cedo do campo de Eftalou, aproveito para escribir. Cando estaba nacente Sabela escoitábase bastante unha canción que dicía: *cuando tu me dejaste, la ventanita del amor se me cerró*. Sempre me pareceu bonita esa imaxe. Segundo o meu sentir, tamén é certo que moitas moitas veces, esa xaneliña ábrese, permanece aberta; por moitos motivos, aín-

Eran oito nenos, unha nena, tres mozas, dous homes, unha “avoa” e.. un home novo eivado

da que sempre relacionados con algo que te enche todo. O caso é que eu debo tela aberta, pois sendo as cousas moitos días semellantes, sempre teño algo que dicir, que tirar para fóra. Hoxe entráronme tres cousas entraron pola *ventanita*:

-Téño aínda máis difícil por ser muller, pero gustárame acompañar en toda a súa viaxe, ata o punto de chegada, a algunha familia destas, que teñen dificultade física e que inician a súa andaina.

Comentábame así unha das tantas voluntarias encantadoras coas que compartes. É médica. Pero díxome que aquí está como voluntaria xeral. Alá traballa como especialista nun hospital. Polas noites en Moria non hai asistencia médica. Daquela, na súa quenda, colle o fonendo e o aparato da tensión e atende, se se presenta, algunha emerxencia. Antonte derivou a unha muller en ambulancia ao hospital.

Resoáronme moitas veces as súas palabras, o seu desexo. Unha persoa que

está aquí nas súas vacacións, que fixo o esforzo de vir, instalarse e comezar axudar, pero á que toca o aguillón. Mal que ben, ata aquí chegaron: agora continúa o incerto e duro do seu éxodo. Ela quere ir tamén máis aló. Sublime.

- Antonte tocábame a quenda de doce da noite ata as oito da mañá no campo de Moria. Despois, ese mesmo día, volvía tocarme ás tres da tarde ata a unha da madrugada. Había pou-

ca xente. Non se esperaban arribadas: mal tempo tanto no mar como en terra; había folga de ferrys; e a fronteira de Macedonia estaba pechada. Dixéronme os compas: *hai sitio no campo*; queda a durmir aquí agora pola mañá ata que veña a xente da tarde.

Fíxeno. Deiteime as nove da mañá nunha liteira onde dorme a xente,

Estaba contento de durmir alí, nese espazo agora baleiro, pero tantas noites ocupado por familias sirias

cunhas mantas que collín limpas. Todo de ACNUR. Aínda que adordecín, estiven moito tempo meditando e agradecendo. Sentíame moi contento de estar durmindo alí, nese espazo agora baleiro, pero tantas noites ocupado por varias familias sirias, iraquís ou afgás. Moi feliz, moi irmán, un luxo.

Cantábame tamén o de *omnia sunt communia*, que temos anunciado ás veces e no que tanto creo, así como un lema que levan na camiseta unha xente dun país nórdico: *you are me*.

-Hoxe tocume preto da praia de Eftalou, a dez quilómetros de aquí. Fun cunha compañeira de Irlanda e outra de Cataluña. O campo estaba baleiro. As anteriores estiveran limpando a praia e deixáronnos un par de cúteres por se queríamos facer o mesmo. Eran as tres. Ía un vento frío, pero soportable, que ovellaba o mar. A visibilidade era tan boa que se vían os edificios na costa turca. Collemos bolsas de plástico e luvas e comezamos a camiñar. Ao principio pola estrada, por se tiñamos tempo de chegar ata o “cemiterio” de chalecos. Pero acabamos centrándonos en dúas praias a carón do campo. Foi un pa-

seo moi agradable e podíamos levar unha conversa en inglés.

As praias son coídos, sen area. Non estaban moi sucias de cousa miúda, pero si de restos de desembarcos. Lanchas de goma e algunha de madeira, desfeitas.

Centrámonos nunha de goma e, sen máis, tiramos de cúteres e veña facela anacos, pois non a dabamos movido, pola area e pedras que tiña dentro.

Tiña o seu aquel esta situación tan nova: esnaquizar unha lancha de goma, na que terían viaxado unhas cincuenta persoas refuxiadas, (a saber por onde andarían agora!) e que quedou abandonada ou afundida nunha

praia fronte a Turquía. Fixemos a metade do choio, pois anoitecía.

Ás seis chegou o coche a recollernos. Comigo veu Siobhan, (cunha raia enriba do “a”), cuxa nai, que fala gaélico, sabe a diferenza de son se leva a raia ou se non). Cheguei á casa e a dona, que nunca nos fala, pero que ten detalles de nai, deixáranos na mesa da cociña un pratiño cuns anacos de doce de marmelo e outro con figos. Nós sempre deixamos a chave do piso posta na porta por fóra. Como ten que ser.

Tres imaxes. Non é todo, pero é algo. Seguímonos falando.



INFORME SOBRE ACHEGAS SOLIDARIAS

Antes de marchar a Lesbos abrín unha conta en Caixa Rural para que quen quixese fixese achegas, que eu entregaría alí co mellor coñecemento que poidese ter. Ao regreso cancelarei a conta. Amáis diso, algunha Comunidade e algunha xente entregárame diñeiro en efectivo, antes de abrir eu a conta.

RECOLLIDO: Na conta aberta en C. Rural: 4.746 euros.
 Recibido en man: 4.502 euros
 Xuntouse en TOTAL 9.248 euros

ENTREGAS QUE FIXEN: Starfish Foundation 1.500
 The HopeCenterElpis 1.000
 Tea Tent Better Days for Moria 1.000
 MaterialCampo refuxiadas de Idomeni e Pireo 1.250
 Campo de Refuxiadas Pikpa de Mitylene 1.500
 The Bristol Skipchen 1.000
 Coexistencia and Comunication in Aegean 500
 Dirty Girl of Lesbos 1.300
 Gastos bancarios 98
 Axuda viaxe volta Alfonso 100
TOTAL 9.248

Anuncio ○ libro derradeiro


Este último libro, querido Pepe Chao, foi una teima persoal túa. Ninguén estaba moi convencido. Ninguén soubo ver máis alá, porque todos fitaban cara o pasado. Só ti, ollando cara ao alén, no teu solpor, nos estabas a facer entrega do mellor de ti mesmo.

Na vosa sincera amizade pouso e repouso a miña memoria vivida, o meu esforzo creativo, o meu espírito máis nidio, sabéndome profundamente humano pero tamén absolutamente fráxil. Déixovolo a xeito de compendio hermenéutico do que foi a miña traxectoria vital, de crente radical, crítico, pero endexamais crédulo.

Este é un libro traballado con grupos en tempos pasados cando estabas en plenitude. Un precioso elenco de sabedoría. Unha guía espiritual da máis rexa espiritualidade, á altura de calquera home ou muller dos tempos actuais, sen sentírmonos minorados con visións ultrapasadas ou mesmo vítimas dunhas interesadas infantilizacións. Para que crer non se volva algo oprobioso.

Tratase dun libro autenticamente sapiencial. Coma os da Biblia. Pero de hoxe. A auténtica sabedoría da humana fragilidade na procura esencial dunha verdadeira orientación de sentido profundamente “aggiornata” «para dar razón da nosa esperanza». (1 Pe 3, 15).

Xaquín Campo Freire.
Mandiá-Ferrol.
Xaneiro de 2016



Editado pola Asociación Irimia

Prezo: 10€

Pedidos no teléfono: 650 026 015



EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedron Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 – 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 615 464 095 / subscrições@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 30 Euros, de Apoio: 45 Euros. Cota de socio: 3 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia.org

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 650 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.shtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO



Boa Nova



Facede isto en memoria de min

O domingo de Ramos facemos unha longa lectura que recolle os últimos días da vida de Xesús. Seguindo a narración camiñamos dende a derradeira cea ata o enterro do mestre a través de diversas escenas de gran intensidade dramática e profundamente teoloxizadas.

Para a primeira comunidade foi difícil afondar no misterio que atravesaba a opción definitiva de Xesús. Todos e todas quedaron fascinados pola súa mensaxe pero a dureza do seu final xurdiu coma unha labazada nas súas vidas. O relato fálanos dese camiño comunitario de comprensión e de conversión que os compañeiros e compañeiras do mestre tiveron que facer.

A experiencia vivida polas mulleres que o seguían dende Galilea mostra de forma contundente o camiño pascual vivido pola comunidade. Elas son ao inicio testemuñas mudas dos acontecementos, acompañando en silencio os derradeiros momentos da vida do mestre, entre a dor e a impotencia ante algo que non poden comprender. No amencer do domingo, no medio do ritual do dó, elas fan memoria existencial do vivido a carón de Xesús. Nese recordo a tristura comeza a transformarse en esperanza e comprenden que tiña sentido o que ocorrera. O sepulcro baleiro xa non falaba de ausencia, senón de vida, compromiso e misión (Lc 24, 1-10).

Os relatos da Paixón mergúllannos na opción radical de Xesús por un Deus amor e perdón que se deixa vencer para manter aberta a súa salvación a todas e a todos en distinción.

Carme Soto

DOMINGO 20 DE MARZO. FESTIVIDADE DE RAMOS

A PALABRA. Lc 22, 14 - 23, 56

A PALABRA

Cando chegou a hora, púxose Xesús á mesa cos seus apóstolos. Díxolles: «Moito levo desexado comer esta Pascua convosco antes de eu padecer! Porque vos digo que xa non volveirei comer até que chegue o seu cumprimento no Reino de Deus.» E collendo unha copa, deu grazas e dixo: «Tomade e repartídea entre vós, pois asegúrovos que non volveirei beber do produto da viña até que chegue o Reino de Deus. Facede isto en memoria miña.» E collendo pan, deu grazas, partiuno e déullelo, dicindo: «Este é o meu corpo, que se entrega por vós; facede isto en memoria miña.» E despois de cear, fixo o mesmo coa copa, dicindo: «Esta copa é a Nova Alianza, selada co meu sangue, que se verte por vós. Ai daquel que entrega o Fillo do Home!» (...)

Tomade e repartídea entre vós

Subín ao poboado chamado "El Codito" a traballar con nenos e nenas, entretelos como se pode para que a rúa non os coma, son coma cabritiños e cabaliños fedellos, mesmo violentos por momentos, e atolados pero cando chegas ti, paran quedos coma estatuas. Sentadiñas/os para o "refrigerio": boliño e zume ou chocolate, pero a acollida é sempre a mesma. Sempre vén a mesma nena a querer axudar a repartir. Como se o repartir xa fose alimento, adiantándose ao pracer de comer co pracer de servir, de tocar.

Subín a Soacha, si, aquí os pobres viven nas lombas, as chairas son dos ricos. Nais nenas con nenos e sen homes – matados, fuxidos, eu que sei...-, lixo tenaz contra macetas librando unha loita desigual, coma todas. Unha preguntase de onde lles saen eses sorrisos nos rostros luminosos e non acerta a entender de entrada. Xuntanza por que non lles tiren as casiñas, porque non volvan os guindastres como a outra vez, a levar todo por diante; porque disque viven nun "humedal" "protexido". Si, protexido para que outros veñan facer aí edificios de 20 plantas para ricos que queren respirar máis osixeno... Xa comezaron a edificar, están á vista. Non teñen pudor nin vergoña.

Pero chegaches ti, vaso de plástico con zume de mango, boliño con forma de roda. Brillaban os oliños, botaron a voar as linguas, comezaron a abrollar as ideas, a loita, os soños: "quero facer o bacharelato", "quero aprender costura".

Si que prestaba pasar os vasos, as roscas e chantarse nesa ledicia da esperanza renacente no chan mal igualado das penas sen remedio e dos loitos. Ulía a ti, imprescindible e palpable, brutalmente presente. O meu *refrigerio*.

Christina

Falando da lingua Un hurra para os fisioterapeutas!!!

Lidia e Valentina



A ver como se soa este...!

Hoxe oímos rumores de esperanza para a nosa lingua... e a dos rumores non é a nosa sección, pero préstanos ben: soubemos estes días que o Colexio Oficial de Fisioterapeutas

elaborou uns vídeos que, ademais de xeitosíños no contido, claros e concisos, están en galego!!! Por outra parte, é algo triste ter que celebrar este feito, pero... é o que hai, e hai-no que valorar. Todo o que vai mal, é susceptible de empeorar, reza unha das leis de Murphy. Así e todo, as leis –especialmente as de Murphy– están aí para que logremos que non se cumbran.

Un destes vídeos fala de como soar o nariz correctamente para que non se produzan infeccións polo feito de non facer saír ben os mocos. Ollo, debemos dicir “COMO SOAR OS MOCOS”, e non “como

*soarse os mocos”. E por que? Pois porque “–se” ao lado de “soar” é un pronome reflexivo, e en galego o pronome reflexivo (me, te se, nos, vos, se) só pode ter a función de complemento directo (CD), pero nesa oración xa temos un CD: “os mocos”, e

nunha oración non pode haber dous. Pola mesma razón, debemos dicir “lavar a cara”, “peitear o pelo”, “cepillar os dentes”, “poñer o xersei”. Agora ben, si diremos “Ten que soarse.”, “Lávome.”, “Peitéate.”, “Cepílladevos.”, porque neses exemplos os pronomes “se”, “me”, “te” e “vos” son o CD, son a cousa que se soa, que se lava, que se peitea, que se cepilla...

No outro contan por que non se deben estalar as articulacións. Vós estalades os dedos? Ou estraládelos? Que saibades que non se debe facer... Por algo será que non é agradable oír eses estalos, estralos... E tede coidado, non andedes a enredar, a ver se os ides descompoñer, derrancar, desortellar, desconxuntar, desensortellar, dislocar, esnogar, luxar... O que tal doe unha descompoñadura, descompostura, unha escordadura... E despois hai que ir ao amañador, compoñedor ou compostor... É certo que saes de alí amañado, pero... E postos a estalar..., tampouco é bo que vos estale unha castaña na boca... Tedes de voso esta expresión? Dise así cando alguén ten un contratempo, non lle saen as cousas como pretendía.

O Fachineiro da poesía

Labrego con algo de poeta

A semana que vén, coincidindo co inicio da primavera, celébrase o Día Mundial da Poesía. Esta conmemoración foi un invento da Unesco no ano 2001 pero pode dar pé a achegarnos a unha parte da literatura que adoita escapar ao común da xente, mesmo para o común da xente lectora. E iso que a poesía tensa as palabras ata sacar delas o máximo rendemento no menor espazo e ofrécenos olladas do mundo por veces xeniais, conmovedoras, distintas. Para este 21 de marzo o fachineiro recomenda a poesía de Manuel María, ese labrego con algo de poeta, definición que tomou Mercedes Queixas para o seu estudo sobre o autor. El, con todo era máis de outonos e esa querenza



tamén deu pé a que Camilo Gómez fixese unha recompilación titulada *Versos de trinta outonos*. Para quen se achegue a Manuel María por primeira vez, a mellor opción é a *Antoloxía poética* que acaba de publicar a editorial Galaxia e que correu a cargo de Amelia Outeiro e de Darío Xohán Cabana, un dos mellores coñecedores da obra do poeta de Outeiro de Rei. Quen queira seguir, ten que poñer no menú, por suposto, *Terra Chá*. E xa para os/as de gusto delicado e exquisito padal poético que se decidan polos dous tomos da colección Opera Omnia, editados por Espiral Maior e que recollen case toda a súa obra poética.

A.Q.